



Á ATENCIÓN DAS FAMILIAS DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Estimadas familias

Facilitamos información da adaptación e organización do centro adoptadas para crear unha contorna escolar saudable e segura mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que debemos adoptar co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

Comezo do curso. Incorporación gradual do alumnado:

- alumnado de 4º (3 anos) e 5º (4 anos) de educación infantil: 10 de setembro.
- alumnado de 6º (5 anos) de educación infantil: 11 de setembro.

Porta de entrada e saída asignada: Rúa Romil, 66. Prégase seguir a sinalización.

Antes de saír de casa. Para a detección precoz no alumnado, os pais/nais/titores/as legais, realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia. Utilizarase a enquisa clínico-epidemiolóxica, que se describe no Anexo I do protocolo da Xunta, cada mañá antes da chegada ao centro.

Horario de Educación Infantil: a entrada será as 09:10 h. e a saída as 14:00 h. Só poderá acceder o centro un familiar de cada alumno. O que teña irmáns en primaria pode acceder á aula ás 08:50 h.

Servizos:

- *Madrugadores:* dende as 7:50 h.
- *Comedor:* funciona dende o primeiro día con cociña propia. O alumnado de infantil terá comedor independente nas instalacións do salón de actos. O alumnado de comedor será recollido na aula de 14:30 a 15:00 h.
- *Servizo de gardería:* até as 16:00 h.
- Actividades extraescolares: música ou inglés (enviarase circular informativa)

Organización na aula:

Na etapa de Educación Infantil, conformaremos grupos estables de convivencia e traballaremos mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos.



Os alumnos e alumnas usarán a máscara (que ten que ser homologada) agás nas comidas e o aire libre. Inicialmente deberán traela de casa (e outra de reposto).

Suprímese temporalmente o uso de mandilón nas aulas pero mantemos o de comedor, que irá a casa tódolos días para ser lavado diariamente (recoméndase a 60º) como o uniforme.

Todo o material será individualizado con packs persoais que levarán cores, cola, tesoiras... e algún xoguete.

Os recreos serán de media hora en espazos delimitados para cada aula.

Queda totalmente prohibido traer ás aulas obxectos do exterior que non sexan estritamente necesarios.

As merendas serán portadas en tupper que eviten contacto coas mesas.

Cada alumno e alumna traerán botella de auga debidamente nomeada, así como un porta máscaras para gardar a máscara, e outra de reposto, nos momentos necesarios. Tamén precisamos que ao principio de curso aportedes ás aulas un paquete de toallíñas hixiénicas e outro de toallíñas desinfectantes.

Usaredes SMS ao teléfono de Infantil (686.797.189) explicando o motivo e poñendo o nome do neno ou nena e o curso ao que pertence ou por correo electrónico a titora correspondente.

- 4º Infantil (3 anos): carmen.vazquez@colegiolabor.com puri.bernardez@colegiolabor.com
- 5º Infantil (4 anos) : cristina.rodriquez@colegiolabor.com sara.reguera@colegiolabor.com
- 6º Infantil (5 anos) - mar.lemos@colegiolabor.com lorena.pinal@colegiolabor.com

Non será atendido ningún recado nas portas das aulas para evitar aglomeracións innecesarias. As titorías coas familias serán preferentemente por teléfono.

Por medidas protocolarias de recomendacións sanitarias vémonos na obriga de trasladar as aulas de tres anos ao edificio de primaria e as de cinco anos á zona de Infantil.

Para facilitar ao noso alumnado a incorporación a nova realidade, establecemos un plan de acollida para alcanzar os seguintes obxectivos:

- Familiarizarse coas medidas hixiénico-sanitarias que crean un ambiente saudable e seguro.
- Coñecer e respectar as medidas de seguridade organizativas na aula, patios, entradas, comedor para evitar os riscos de contaxio.
- Promover o desenvolvemento progresivo da súa autonomía respectando as medidas de seguridade.



- Descubrir e coñecer aos compañeiros e compañeiras que forman o grupo de convivencia estable e o seu pequeno grupo de xogos.
- Coñecer á titora e ao profesorado de apoio creando lazos afectivos.
- Fomentar o gusto pola escola e as actividades alí realizadas.
- Expresar emocións, aumentar a confianza e compartir o que se viviu e sentiu durante a pandemia.
- **Anexo I**

<i>Presentou nas últimas 2 semanas?</i>		<i>Si</i>	<i>Non</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tos seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		
Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.			
		<i>Si</i>	<i>Non</i>
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 +confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 +confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID19?		